

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN08	Documentación e administración sanitarias	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1518	Arquivamento e documentación sanitarios	2023/2024	0	133	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FÁTIMA CALVO REY
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza as necesidades documentais dos centros sanitarios, en relación con cada tipo de centro e coa función dos documentos
RA2 - Deseña e elabora documentos sanitarios aplicando criterios de normalización documental
RA3 - Verifica a calidade dunha documentación clínica, optimizando a súa normalización e a súa funcionalidade
RA4 - Xestiona as historias clínicas desde o punto de vista documental, con verificación do contido específico e da conexión con outra documentación anexa
RA5 - Xestiona os arquivos de documentación sanitaria, optimizando o tratamento da información

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os tipos e as funcións dos documentos de uso común en centros sanitarios
CA1.2 Descríbense os fluxos de información, de canles e de circuitos dos documentos
CA1.3 Defínense as funcións e os tipos de historias clínicas e documentos propios e asociados
CA1.4 Explicáronse as características dos documentos con regulación normativa
CA1.5 Descríbense as características, a composición e as funcións do catálogo documental dun centro sanitario
CA1.6 Verifícase o cumprimento da normativa aplicable
CA2.1 Descríbense os principios xerais da normalización documental

Crterios de avaliación do currículo
CA2.2 Descríbóronse as técnicas de deseño documental e as súas aplicacións
CA3.1 Descríbóronse os métodos de avaliación documental e explicáronse as súas características, as súas vantaxes e as súas limitacións
CA3.5 Descríbóronse as funcións das comisións de documentación nos centros sanitarios
CA3.8 Descríbóronse os tipos de auditoría e as súas fases
CA4.1 Caracterizáronse os documentos, os contidos, as funcións e as persoas usuarias das historias clínicas
CA4.2 Analizáronse os tipos de historias clínicas
CA4.4 Comprobase a adecuación das historias ao proceso de normalización da documentación sanitaria, así como aos requisitos legais
CA4.5 Analizáronse outros documentos de soporte relacionados coa historia clínica
CA4.6 Descríbóronse os fluxos de circulación das historias clínicas
CA4.7 Formalizáronse os apartados propios da área administrativa da historia clínica
CA4.8 Analizouse a historia clínica electrónica
CA5.2 Proxectouse a distribución do arquivo para a súa optimización
CA5.4 Programáronse métodos de control e avaliación do estado do arquivo
CA5.5 Planificáronse os procesos para a localización, o préstamo a posibles unidades solicitantes e a devolución de historias clínicas e outros documentos
CA5.6 Aplícouse a normativa básica sanitaria en vigor

2.2. Segunda parte da proba
2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Deseña e elabora documentos sanitarios aplicando criterios de normalización documental
RA3 - Verifica a calidade dunha documentación clínica, optimizando a súa normalización e a súa funcionalidade
RA4 - Xestiona as historias clínicas desde o punto de vista documental, con verificación do contido específico e da conexión con outra documentación anexa
RA5 - Xestiona os arquivos de documentación sanitaria, optimizando o tratamento da información

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Explicouse a optimización de consumos e custos da documentación
CA2.4 Deseñáronse documentos tipo
CA2.5 Analizáronse e corrixíronse as deficiencias dos documentos vivos
CA2.6 Comprobase que os documentos se adaptan á normativa sanitaria, á de protección de datos e á política documental do centro
CA2.7 Transformáronse documentos en soporte impreso a soporte dixital
CA2.8 Rexistráronse os documentos deseñados no catálogo documental do centro
CA3.2 Valoráronse os estudos realizados: enquisas, estudos de satisfacción e obtención das conclusións oportunas
CA3.3 Comprobase a adecuación dos aspectos formais dun documento
CA3.4 Analizouse o grao de cumprimento da documentación

Criterios de avaliación do currículo
CA3.6 Elaboráronse protocolos de avaliación formal do documento
CA3.7 Aplicáronse protocolos realizados coa súa correspondente avaliación e definición de oportunidades de optimización
CA4.3 Estruturáronse historias clínicas segundo os seus contidos e outros requisitos
CA4.9 Xestionáronse historias clínicas electrónicas mediante aplicacións específicas
CA5.1 Seleccionouse o modelo de arquivamento que mellore o tratamento da información e a utilización dos recursos
CA5.3 Realizouse o arquivamento de historias clínicas e documentos anexos segundo diferentes criterios
CA5.7 Empregáronse as ferramentas informáticas específicas para iso

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles: Todos os Criterios de avaliación indicados para cada proba nesta programación.

Criterios de cualificación:

Proba escrita:

A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación.

Constará dun mínimo de 75 preguntas de tipo obxectivo: preguntas test (con catro opcións das cales só unha é correcta), pregunta curta, definición, emparellamento, completar, verdadeiro ou falso (nas preguntas de verdadeiro ou falso, será preciso xustificar aquelas que sexan marcadas como falsas).

Cada pregunta test, de emparellamento ou verdadeiro/falso terá un valor de 0,1 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,033 puntos. As preguntas non respondidas non suman nin restan.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

A proba ten un valor de 10 puntos. Para superar a primeira proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Proba práctica:

Consistirá na resolución de supostos prácticos que estarán relacionados cunha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Os supostos poderán contar con

preguntas tipo test, de verdadeiro falso, de resposta curta ou de desenvolver.

Cada suposto práctico puntuarase de 0 a 10. Será necesario sacar un mínimo de 5 en cada suposto práctico para superar esta proba e a puntuación total será a media aritmética dos catro supostos prácticos.

Será necesario superar a proba teórica para poder presentarse á proba práctica.

Cuando non se supere a proba práctica, non se fará media, é dicir, será necesario superar ámbalas dúas probas para poder aprobar o módulo profesional.

A cualificación do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas.

Os contidos a partires dos cales se logran son os que se indican:

Analizar a estrutura orgánica e funcional dos centros /servicios /unidades do sector sanitario

Describir organigramas funcionais de centros sanitarios, tanto de atención primaria como especializada

Describir os tipos de documentos de uso en centros sanitarios

Enumerar os criterios de actividade da documentación non sanitaria

Identificar as funcións e a organización do SADC

Comprender o concepto de documento e de cadea documental

Coñecer o concepto de Documento e os seus elementos

Coñecer a historia xeral da Documentación sanitaria.

Coñecer os documentos sanitarios primarios e secundarios.

Coñecer os tipos de documentos que integran a historia clínica, tanto a nivel de atención Primaria como a nivel hospitalario.

Coñecer os tipos de documentos sanitarios non clínicos na atención Primaria

Recoñecer os procedementos de devolución de historias clínicas

Relacionar os métodos para o control da documentación prestada

Coñecer as diferentes formas de conservar a información

Proxectar a distribución dun arquivo clínico os seus espazos e as instalacións dun arquivo de HHCC

Identificar os materiais e mobiliario máis axeitados para unha optimización do arquivo

Identificar os riscos para o arquivo e para a documentación custodiada

Coñecer as medidas de prevención para as instalacións e para a documentación

Coñecer os tipos de documentos sanitarios non clínicos na atención hospitalaria

Identificar os documentos con regulación normativa

Coñecer a normativa aplicable aos documentos sanitarios.

Coñecer a documentación relacionada cos oficios xudiciais



Coñecer documentos básicos que integran a historia clínica de Atención Primaria
Coñecer documentos básicos que integran a historia clínica hospitalaria
Coñecer a historia clínica electrónica
Coñecer a normativa aplicable aos documentos sanitarios.
Identificar os documentos con regulación normativa
Coñecer as características do informe clínico de alta
Coñecer as características do documento de consentimento informado
Coñecer as características do documento de instruccións previas
Coñecer o concepto de manual de normalización
Identificar as características de normalización de documentos de uso sanitario
Analizar os contidos e elementos dos documentos clínicos
Deseñar un documento administrativo
Deseñar un documento clínico
Manexar ferramentas informáticas de deseño documental
Manexar ferramentas informáticas de deseño gráfico
Identificar os documentos vivos
Analizar o consumo e custos da documentación
Analizar e correxir as deficiencias dos documentos
Identificar e rexistrar os documentos de uso en atención primaria
Identificar e rexistrar os documentos de uso en atención especializada
Revisar os documentos seguindo a normativa documental
Revisar o cumprimento da normativa documental
Describir os métodos da avaliación documental
Valorar os diferentes tipos de estudos
Elaborar protocolos de avaliación dos documentos
Avaliar a calidade da historia clínica
Identificar os tipos de auditoría e a súa aplicación á documentación sanitaria
Describir as funcións das comisións de documentación nos centros sanitarios
Describir o concepto de arquivo clínico
Identificar as funcións dun arquivo de historias clínicas
Coñecer a normativa existente en relación ao arquivo de historias clínicas

Coñecer os diferentes tipos de arquivos clínicos
Valorar as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de arquivo clínico
Describir os diferentes sistemas de arquivamento en función do identificador elixido
Arquivar historias clínicas segundo o tipo de identificador
Identificar os procedementos de localización de historias clínicas
Identificar os diferentes circuitos de préstamo e as súas peculiaridades

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Características da proba:

A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación.

Constará dun mínimo de 75 preguntas de tipo obxectivo: preguntas test (con catro opcións das cales só unha é correcta), pregunta curta, definición, emparellamento, completar, verdadeiro ou falso (nas preguntas de verdadeiro ou falso, será preciso xustificar aquelas que sexan marcadas como falsas).

Cada pregunta test, de emparellamento ou verdadeiro/falso terá un valor de 0,1 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,033 puntos. As preguntas non respondidas non suman nin restan.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

- Ao ter que ser cifras enteiras (sen decimais) e comprendidas do 1 ao 10, redondearase o resultado obtido á unidade máis próxima.

Duración da proba teórica: 2 horas.

Instrución xerais:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.

- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.

- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.

- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.

- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.

- As preguntas que aparecen catalogadas como "preguntas de reserva" serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións de preguntas. Non teñen efectos de

cualificación en primeira instancia, pero en caso de anulación de preguntas servirán para o cómputo da nota.

- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios eberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.

Tipo de proba:

Resolución dun cuestionario con preguntas teóricas elaboradas a partirdos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe indicados no currículo.

4.b) Segunda parte da proba

Características da proba:

Elaboración de supostos prácticos sobre procedementos de arquivamento das historias clínicas, análise, deseño e elaboración da documentación clínica, supostos prácticos sobre deseño e distribución de espazo no arquivo de HC

Para o deseño e elaboración e/ou cumprimentación de documentos pode ser necesarias o uso de ferramentas informáticas que estarán a disposición do alumnado no ordenador da aula.

Valorarase cada suposto práctico cun maximo de 10 puntos sendo necesario acadar un 5 sobre 10 en cada un dos supostos para obter a cualificación de 5.

Instrución xerais:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios eberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.



- ordenador e impresora que proporcionará o centro